

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 14 de setembro de 2020

Hora de comezo: 9:30 h

Hora de remate: 10:00 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Sara Martínez Carrera (alumna)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1 Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2021/22

DELIBERACIÓNS

1 Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2021/22

O subdirector da EIDO comenta os programas a valorar. En primeiro lugar hai dúas verificacións de novos programas:

- Programa de doutoramento en Matemáticas e Aplicaciónes do proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP). Participan USC, U. do Porto, U. do Minho, U. de Trás-os-Montes-e-Alto Douro, UVigo e UdC. A Universidade de Vigo considera estratéxica a participación neste programa. A efectos informativos, este programa presenta 5 liñas de investigación:
 - Álgebra, Lóxica, Combinatoria e Aplicacións: 21 profesores, 19 teses dirixidas
 - Análise y Aplicacións: 21 profesores, 20 teses dirixidas
 - Xeometría e Aplicacións: 12 profesores, 11 teses dirixidas
 - Topoloxía, Sistemas dinámicos, Análise Global, Análise sobre variedades y Aplicacións: 16 profesores, 16 teses dirixidas
 - Estatística, Optimización e Aplicacións: 15 profesores, 22 teses dirixidas
- Programa de doutoramento en CC. Sociais e Envellecemento do proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP). A Universidade de Vigo considera estratéxica a participación neste programa. Participan U. do Porto, UVigo, USC, UdC e U. de Trás-os-Montes-e-Alto Douro. No houbo alegacións. A efectos informativos, este programa presenta 5 liñas de investigación:
 - Envellecemento poboacional: aspectos demográficos. 10 profesores, 28 teses dirixidas
 - Calidade de Vida e Envellecemento Activo. 31 profesores, 82 teses dirixidas
 - Diversidade funcional en el envellecemento, innovación social e tecnolóxica. 21 profesores, 35 teses dirixidas
 - Xénero, desigualdades sociais y envellecemento. 11 profesores, 27 teses dirixidas
 - Impacto socioeconómico do envellecemento, organización social dos coidados e políticas públicas. 18 profesores, 28 teses dirixidas

O programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa presentou una alegación ao programa en Matemáticas e Alegacións, pola coincidencia nas liñas de investigación da Estatística. Como a universidade coordinadora (USC) rexeitou a alegación, a Comisión de Calidade aproba por asentimento tomar a mesma medida.

En canto as modificacións de programas, o subdirector da EIDO comenta a única presentada:

- Modificación do programa de doutoramento en Educación, Deporte e Saúde tras a renovación da acreditación do programa de doutoramento en 2019. A modificación é unha consecuencia das exixencias que aparecían no informe de renovación. O programa realizou unha profunda reestruturación, mantendo soamente 3 profesores dos orixinais e reestruturando as liñas, quedando só dúas:
 - HealthyFit: Actividade Física, Saúde e Deporte. 7 profesores, 11 teses dirixidas
 - GIES10.- Actividade física e saúde no ámbito comunitario y escolar. 6 profesores, 21 tesis dirixidas

Tras revisar a memoria, a Comisión de calidade advertiu que a reestruturación de liñas era demasiado profunda polo que lle advirte ao programa que a ACSUG podería considerar este cambio como unha nova verificación. Tamén comprobou que o programa tiña demasiadas actividades formativas e desagregadas por anos, polo que aprobou por asentimento agrupalas por contido, quedando do seguinte xeito:

		HORAS
OBLIGATORIAS (Mínimo 60 horas)	JORNADAS DE ORIENTACIÓN	4
	SEMINARIOS DE INVESTIGACIÓN	4
	ENCUENTROS ENTRE INVESTIGADORES	4
	PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS	12
	CONFERENCIAS DE INVESTIGACIÓN	4
OPTATIVAS	CURSO DE GESTIÓN BIBLIOGRÁFICA	20
	CURSO DE COMUNICACIÓN ESCRITA EN INGLÉS ACADÉMICO	20
	TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN EN PÚBLICO	10
	PROMOCIÓN DE MOVILIDAD	1 mes

ACORDOS

1 Valídanse as memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2021/22.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e praxe
O presidente